



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do xoves día **VINTEDOUS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>o</sup> MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D<sup>o</sup> KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e do Secretario acctal (Decreto 22.11.12) da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1.- APERTURA SOBRES B SUBVENCIÓN CÁMARAS POLÍGONO A. 33.**
- 2.- APROBACIÓN FACTURACIÓN 3º TRIMESTRE ESPINA Y DELFÍN.**
- 3.- EXPEDIENTES DE URBANISMO SEGÚN LISTADO ADJUNTO.**
  - **GANDERÍA PONTE S.C.**
  - **CUÑARRO PAMPÍN, JOSÉ RAFAEL.**
  - **TAÍN TABOADA JOSÉ.**
  - **SOMETAL, S.L.U.**
  - **LORENZO PENIDO, JOSÉ LUIS.**
  - **FLORENTINO COLECCIÓN, S.L.**

**1.- APERTURA SOBRE B SUBVENCIÓN CÁMARAS  
POLÍGONO A. 33.**

Visto que por resolución da Alcaldesa de data 11 de setembro de 2012 se iniciou o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade para o suministro: Suministro (adquisición en propiedade) con instalación e posta en funcionamento de cámaras de videovixilancia no Polígono Industrial Área 33 de Silleda.

Visto que, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de outubro de 2012 acordou:

- “1º.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato administrativo de suministro para adquisición e instalación de: Suministro (adquisición en propiedade) con instalación e posta en funcionamento de cámaras de videovixilancia, no polígono***

***industrial Parque Empresarial Area 33 de Silleda***

- 2º.- *Autorizar, en contía de 29.629,27 euros (24.487,00 + 5.142,27 € (IVE)) o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 433.623.01 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2012.*
- 3º.- *Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particularese o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.*
- 4º.- *Solicitar ofertas como mínimo a tres empresas”*

Visto que, por Decreto da Alcaldía de data 06 de novembro de 2012 resolveu invitar á licitación as empresas: Alumea, S.L., Noroinstal, Sistemas e Instalaciones S.L., Segurgal Sistemas, S.L.

Vistas as ofertas presentadas:

- Alumea S.L presenta oferta (Sobre A, Sobre B) con rexistro de entrada no concello nº 6066, de data 16 de novembro de 2012.
- Noroinstal Sistemas e Instalaciones, S.L. presenta oferta (Sobre A, Sobre B) con rexistro de entrada no concello nº 6061, de data 16 de novembro de 2012.
- Segurgal Sistemas S.L. presenta oferta (Sobre A “Documentación xeral”, Sobre B “Oferta económica”) con rexistro de entrada no concello nº 6038, de data 15 de novembro de 2012.

Visto que, por Decreto da Alcaldesa de data 20 de novembro de 2012 resolveuse proceder, coa asistencia da interventora, a secretaria e o arquitectos asesor técnico do concello á apertura dos sobres A “Documentación xeral”.

Visto que, por Decreto da Alcaldesa de data 21 de novembro de 2012 resolveuse proceder a efectuar os requerimentos de subsanación de defectos u omisións como consecuencia da apertura dos sobres A “Documentación xeral”, as empresas Alumea, S.L., Noroinstal, Sistemas e Instalaciones S.L., Segurgal Sistemas, S.L.

Visto que con data 21 de novembro de 2012 e nº rexistro de entrada 6146, Segurgal Sistemas S.L. presenta escrito con subsanación da documentación solicitada.

Visto que con data 22 de novembro de 2012 e nº rexistro de entrada 6155, Alumea, S.L. presenta escrito, nembargantes non subsana a documentación relativa a “Muestras, descripciones y fotografías de los productos a suministrar e instalar

*y poner en funcionamiento total, cuya autenticidad pueda certificarse a petición de la entidad del sector público contratante*” segundo apartado 11-F) do Pliego de Cláusulas administrativas.


Visto que a empresa Noroinstal, Sistemas e Instalaciones S.L. non subsana a documentación solicitada.

Visto que quedan excluídas deste procedemento as empresas Alumea S.L. e Noroinstal, Sistemas e Instalaciones S.L. por non subsanar a documentación solicitada.

Seguidamente procédese a apertura so sobre B “Oferta Económica” da empresa Segurgal Sistemas S.L. ofertando un prezo total, incluído IVA, de 29.161,00 €

**A Xunta de Goberno Local**, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- PRIMEIRO.** Adxudicar á Segurgal Sistemas S.L. o contrato de suministro: “Suministro (adquisición en propiedade) con instalación e posta en funcionamento de cámaras de videovixilancia no Polígono Industrial Área 33 de Silleda.”
- SEGUNDO.** Dispoñer o gasto con cargo á partida 433.623 do orzamento vixente de gastos, polo importe de 24.100,00 € máis 5.061,00 de IVE.
- TERCEIRO.** Publicar a adxudicación no perfil do contratante e notificala aos candidatos que non resultaron adxudicatarios .
- CUARTO.** Notificar á Segurgal Sistemas S.L., adxudicatario do contrato, de que, segundo o regulado no art. 99 do RDLex 3/2011 TR LCSP, no prazo de dez días hábiles, dende a recepción desta notificación, deberá constituir unha garantía de un 5% do importe de adxudicación, excluído o IVA e citalo para formalizar o contrato en documento administrativo.
- QUINTO.** Publicar a formalización do contrato de suministro no perfil do contratante.
- SEXTO.** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.



## **2.- APROBACIÓN FACTURACIÓN 3º TRIMESTRE ESPINA Y DELFÍN.**

Dase conta do escrito remitido por Espina & Delfin S.L., de data 14 de novembro de 2012, (Rexistro de Entrada nº 6060, de data 16 de novembro de 2012), remitindo facturación correspondente ó 3º trimestre de 2012, ascendendo:

- Total facturación: 143.536,52 €.
- Total facturación (s/canon): 120.354,51 €

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** prestar aprobación a facturación correspondente o 3º trimestre de 2012.

## **3.- EXPEDIENTES DE URBANISMO SEGÚN LISTADO ADJUNTO.**

### **3.1.- GANDERÍA PONTE S.C.**

Visto o escrito presentado por David Ferradas Sánchez, en representación de Gandería Ponte, S.C. de data 20 de outubro de 2011, Rexistro de Entrada nº 4981, de data 17 de novembro de 2011, solicitando licencia para ampliación de explotación de vacún no lugar de O Sino, parroquia de Ponte (Silleda).

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** deixar este expediente sobre a Mesa por existir dúbidas no informe do arquitecto asesor municipal, Lino Manuel Doporto Framil, de data 19 de novembro de 2012.

### **3.2.- CUÑARRO PAMPÍN, JOSÉ RAFAEL.**

Visto o escrito presentado por José Rafael Cuñarro Pampín, de data 12 de xuño de 2012, Rexistro de Entrada nº 2129, de data 12 de xuño de 2012, solicitando licencia para construción de explotación avícola de produción cárnica no lugar de Monte de Penide-As Brañas, parroquia de Grava (Silleda).

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** deixar este expediente sobre a Mesa por existir dúbidas no informe do arquitecto asesor municipal, Lino Manuel Doporto Framil, de data 16 de novembro de 2012.

### **3.3- TAÍN TABOADA JOSÉ.**

Visto o escrito presentado por José Taín Taboada de data 15 de abril de 2011, Rexistro de Entrada nº 1641, de data 15 de abril de 2011, solicitando licencia para legalización de actividade para taller de reparación de vehículos na rúa Campo de Arriba (antigamente rúa E), nº 3 baixo (Silleda).

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** deixar este expediente sobre a Mesa por existir dudas no informe do arquitecto asesor municipal, Lino Manuel Doporto Framil, de data 16 de novembro de 2012

### **3.4.- SOMETAL, S.L.U.**


Visto o escrito presentado por Juan Otero Lorenzo, en representación de Sometal S.L.U. de data 20 de xuño de 2011, Rexistro de Entrada nº 2628, de data 21 de xuño de 2011, solicitando licencia para nave industrial para almacén de elementos de caldeirería pesada na parcela 2BC, mazá 10, do Parque Empresarial Área 33 de Silleda.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** deixar este expediente sobre a Mesa por existir dudas no informe do arquitecto asesor municipal, Lino Manuel Doporto Framil, de data 16 de novembro de 2012

### **3.5.- LORENZO PENIDO, JOSÉ LUIS.**

**Declaración municipal de incursión na situación legal de fora de ordenación total según recolle na disposición transitoria terceira -edificación sen licenza da Lei 2/2010 de 25 de marzo. Solicitante: José Luis Lorenzo Penido. Obra: Duas edificacións adicadas o almacenaxe de vehículos descontaminados en Negreiros 26 e Naval de Riocalvo s/n, parroquia de Negreiros (Silleda).**

Visto que por **Dº José Luis Lorenzo Penido** preséntase escrito de data 03 de abril de 2012, Rexistro de Entrada nº 1802, de data 10 de abril de 2012, solicitando a declaración por parte do Concello de incursión na situación legal de Fora de Ordenación total según se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de duas edificacións adicadas o almacenaxe de vehículos descontaminados en Negreiros 26 e Naval de Riocalvo s/n, parroquia de Negreiros (Silleda).




Visto que con data 14 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico urbanístico, **por unanimidade dos presentes** **acorda declarar en situación legal de fora de ordenación total segundo se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, a seguinte edificación:**

|                             |                                                                                                                                                  |           |                  |                     |                     |
|-----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------------------|---------------------|---------------------|
| <i>Solicitante</i>          | <i>José Luis Lorenzo Penido, o día 30 de agosto de 2012</i>                                                                                      |           |                  |                     |                     |
| <i>Data de rexistro</i>     | <i>10 Abril 2012</i>                                                                                                                             | <i>Nº</i> | <i>R.E. 1802</i> | <i>Data escrito</i> | <i>3 Abril 2012</i> |
| <i>Obra</i>                 | <i>Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación (D.T.3ª Lei 2/2010) de dúas edificacións adicadas o almacenaxe de vehículos descontaminados</i> |           |                  |                     |                     |
| <i>Emprazamento</i>         | <i>Negreiros 26 e Naval de Riocalvo s/n, Parroquia de Negreiros.</i>                                                                             |           |                  |                     |                     |
| <i>Referencia Catastral</i> | <i>36052H512007590000ZU e 36052H505002980000ZO</i>                                                                                               |           |                  |                     |                     |
| <i>Autor da Memoria</i>     | <i>Fidel Gude Sampedro, Ingeniero Técnico Industrial, col. nº 1438</i>                                                                           |           |                  |                     |                     |
| <i>Memoria</i>              | <i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i>                                                                     |           |                  |                     |                     |

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.



1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.

1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia

1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de xullo de 1978. Regulamento de Disciplina Urbanística para desenvolvemento de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

1.15 Planeamento do Concello de Silleda

1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991

1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995

1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995

1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002

1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002

1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002

1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002

1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007

1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984

1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984


1.16 Concordantes

1.17 Instrucción 2/2011, do 12 de abril, para a ampliación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2001, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza.

ANTECEDENTES:

1 Vista a disposición transitoria terceira da lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación as edificacións sen licenza que literalmente se transcribe:

"Sen prexuízo do disposto no artigo 213º.1 desta lei, as edificacións e construcións realizadas sen licenza ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorre o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou



medioambiental, quedarán incorporadas ao patrimonio do seu titular e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2 dela, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado.

Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei de modificación, o propietario ou a propietaria haberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, para o que achegará anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o planeamento vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas e volume, así como certificación técnica de solidez e seguridade.

Cando a edificación estea localizada en solo rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais, segundo esta lei, será necesario obter o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo."

**2 Xúntase coa solicitude a seguinte documentación:**

**1.1 Declaración responsable suscrita por Jose Luis Lorenzo Penido, o día 30 de agosto de 2012, na que consta entre outros o que literalmente se transcribe:**

**"DECLARA:**

Que la empresa de la que soy gerente no tiene recibido noificación de ningún tipo del Ayuntamiento de Silleda de apertura de expediente de reposición de la legalidad o sancionador desde el año 1989, en que se obtuv la licencia municipal de apertura, hasta el día de hoy."

**1.2 Certificado de superficies e antigüidade, suscrito por Fidel Gude Sampedro o 26 de setembro de 2012, do seguinte teor:**

**"CERTIFICA:**

Que, basandose en la inspección ocular realizada y en la información aportada por la propiedad, consultada información catastral y cartografía de la zona, y dadas las características constructivas y envejecimiento de los materiales, los edificios objeto del presente proyecto poseen una antigüedad de construcción superior a diez años."

**1.3 Cadros de superficies nos que consta entre outros o que literalmente se transcribe:**

| <b>Edificación 1</b>   | <b>Superficie (m<sup>2</sup>)</b> |
|------------------------|-----------------------------------|
| <b>(Negreiros, 26)</b> |                                   |
| Almacén 1              | 117,29                            |
| Distribuidor           | 5,77                              |




|                                    |                                   |
|------------------------------------|-----------------------------------|
| Almacén 2                          | 60,69                             |
| <b>TOTAL SUPERFICIE ÚTIL</b>       | <b>183,75</b>                     |
| <b>TOTAL SUPERFICIE CONSTRUÍDA</b> | <b>205,11</b>                     |
| <b>Edificación 2</b>               | <b>Superficie (m<sup>2</sup>)</b> |
| (Naval de Riocalvo, s/n)           |                                   |
| Almacén planta baixa               | 240,10                            |
| Almacén semisoto                   | 239,37                            |
| <b>TOTAL SUPERFICIE ÚTIL</b>       | <b>479,47</b>                     |
| <b>TOTAL SUPERFICIE CONSTRUÍDA</b> | <b>507,28</b>                     |

- 1.4 Certificado de seguridade e solidez suscrito por Fidel Gude Sampedro.
- 1.5 Planos das edificacións e parcela suscritos por Fidel Gude Sampedro en data Marzo 2012.
- 1.6 Consulta descriptiva e gráfica do catastro. Superficie da parcela: 1540 m<sup>2</sup>.
- 1.7 Escritura de propiedade da parcela.
- 1.8 Xustificación da preexistencia dun uso continuado:
- 1.8.1 Consulta descriptiva e grafica do Catastro das dúas parcelas (parcela 298, polígono 505 e parcela 759, polígono 512), polígono nas que se ubican varias edificacións, na que a parcela nº 759 do polígono 512 consta unha construción do ano 2000.
  - 1.8.2 Licencia por cambio de titularidad a favor de Jose Luis Lorenzo Penido para establecemento de compra May. Chatarra e metais de desecho a situar en Negreiros - Silleda.
  - 1.8.3 Contribución Territorial Urbana da finca sita en Riocalvo a nome de Luis Lorenzo Rodriguez con fecha 01-01-1989.
  - 1.8.4 Escrito da Compañía subministradora Gas Natural- Unión Fenosa, segundo o que "... su póliza de suministro eléctrico número ES0022000004728931QA1P, perteneciente a la dirección Negreiro 26, Silleda, Pontevedra, consta de alta en Unión Fenosa Distribución a nombre de Luis Lorenzo Rodriguez desde el 01 de abril de 1987 hasta la actualidad. Asimismo le informamos que su póliza de suministro eléctrico número ES0022000008069578QS1P, perteneciente a la dirección Riocalvo s/n, Silleda, Pontevedra, consta de alta en Unión Fenosa Distribución a nombre de Luis Lorenzo Rodriguez desde el 29 de agosto de 2002 hasta la actualidad".

### INFORME TÉCNICO:

3 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de



Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico de protección ordinaria**.

4 **Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algún a nome do titular, Jose Luis Lorenzo Penido, o día 30 de agosto de 2012,** sobre unha edificación destinada a Edificación destinada a, situada en Negreiros 26 e Naval de Riocalvo s/n, Parroquia de Negreiros - Silleda, con referencia Catastral nº **36052H512007590000ZU e 36052H505002980000ZO**. Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.


5 Por outra banda, a xuízo do técnico que subscribe, e salvo mellor interpretación da normativa, a competencia para a protección da legalidade no solo rústico para este tipo de obras, pertencelle á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, polo que se deberá recabar o informe deste organismo no que se exprese que non ten aberto expediente de restauración da legalidade urbanística ou ambiental sobre estas edificacións, antes da entrada en vigor da Lei 2/2010.

6 Canto á xustificación da continuidade do uso das edificacións, emprázase aos servizos xurídicos municipais a fin de que se pronuncien sobre a suficiencia da documentación presentada.

7 Enviada consulta á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, con rexistro de saída número 1074 de 27.ABR.2012, ésta emite informe o día 31 de maio de 2012 (rexistro de saída nº 3764 de 4 de xuño de 2012) segundo o que **"non consta a adopción de medidas dirixidas á restauración da legalidade urbanística en relación coas obras citadas no parágrafo anterior, sen prexuízo de significarlle que as medidas dirixidas á restauración da legalidade urbanística teñen carácter "ob rem", polo que a non existencia de estas a nome dunha persoa física ou xurídica non implica a inexistencia de estas en relación cós citados bens inmoables"**.

### **3.6.- FLORENTINO COLECCIÓN, S.L.- Licenza de Actividade.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes**



**acorda:**

Licencia N° 3254/11. Visto o expediente instruído a instancia de D° Florentino Cacheda López, en representación de FLORENTINO COLECCIÓN, S.L., solicitando licencia de obra para acondicionamento e actividade de local con uso "venta de roupa polo miúdo", a situar na rúa Santa Olaia, n° 7 baixo dereita (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 30 de decembro de 2011 acorda:

**"1.1.1.- D° Florentino Cacheda López, en representación de FLORENTINO COLECCIÓN, S.L.**

***A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía (Decreto 04.07.11), por unanimidade dos presentes acorda***


*Licencia N° 3254/11. Visto o expediente instruído a instancia de D° Florentino Cacheda López, en representación de FLORENTINO COLECCIÓN, S.L., solicitando licencia de obra para acondicionamento e actividade de local con uso "venta de roupa polo miúdo", a situar na rúa Santa Olaia, n° 7 baixo dereita (Silleda), segundo proxecto técnico asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D° Ángel Ibán Fernández Águila, e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 28 de xullo de 2011, n° 21102140 e 28 de novembro de 2011, n° 21103313, segundo o informe técnico municipal.*

***RESULTANDO: Que con data 28 de decembro de 2011, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 28 de decembro de 2011.***

***RESULTANDO: Que con data 28 de decembro de 2011, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe no que se sinala:***

“

|                         |                                                                                   |                |                     |                  |
|-------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|----------------|---------------------|------------------|
| <b>Solicitante</b>      | <b>Florentino Cacheda López, e/r Florentino Colección S.L.</b>                    |                |                     |                  |
| <b>Data de rexistro</b> | <b>1/8/2011</b>                                                                   | <b>N° 3254</b> | <b>Data escrito</b> | <b>19/7/2011</b> |
| <b>Obra</b>             | <b>Acondicionamento e actividade de local con uso "venta de roupa polo miúdo"</b> |                |                     |                  |



|                             |                                                                                                                                               |
|-----------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Tipo de obra</i>         | <b>Menor</b>                                                                                                                                  |
| <i>Emprazamento</i>         | <b>Rúa Santa Olaia, n° 7, baixo dereita. Silleda</b>                                                                                          |
| <i>Referencia Catastral</i> | <b>n/d</b>                                                                                                                                    |
| <i>Autor do Proxecto</i>    | <b>Angel Ibán Fernández Águila, Enxeñeiro Técnico Industrial, col. n° 3895</b>                                                                |
| <i>Proxecto</i>             | <b>De Actividade Visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 28/7/2011, n° 21102140 e 28/11/2011 n° 21103313</b> |
| <i>Exposición pública</i>   | <b>Non</b>                                                                                                                                    |
|                             | <b>BOP</b>                                                                                                                                    |
|                             | <b>DOGA</b>                                                                                                                                   |
|                             | <b>Prensa</b>                                                                                                                                 |
| <i>Orzamento (P.E.M.)</i>   | <b>300 €</b>                                                                                                                                  |

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *R XU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 1.14 *R.D. 2187/1978, de 23 de xullo de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 1.15 *Planeamento do Concello de Silleda*

- 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
- 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
- 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
- 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
- 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*
- 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*
- 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*
- 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*
- 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*
- 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*
- 1.16 Concordantes*

**ANTECEDENTES:**

*1 O 1 de agosto de 2011, Florentino Cacheda López, en representación de FLORENTINO COLECCIÓN S.L., presenta solicitude de licencia municipal de actividade para venda polo miúdo de roupa no local comercial situado na rua Santa Olaia nº 7 baixo dereita, de Silleda. Acompaña a solicitude con dúas copias de memoria técnica citadas no cadro superior, visadas polo colexio profesional correspondente o 28/7/2011, nº 21102140.*

*2 O 4 de novembro de 2011, o técnico que subscribe emite informe de deficiencias notificado con r.s. 1830 de 8711/2011.*


*3 O 29 de novembro de 2011, r.e. 5195, Florentino Cacheda López, en representación de FLORENTINO COLECCIÓN S.L., presenta dúas copias de memoria de actividade segundo o Decreto 133/2008 do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*

*4 Preténdese acometer obras menores de reforma (revestimentos continuos, pintura e decoración) do local mencionado.*

*A documentación técnica está completa.*

**INFORME TÉCNICO:**

*5 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de*



*Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo urbano. Ordenanza de aplicación: E.C. Edificación Cerrada.*

*6 A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbáns, por tnto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA.*

*7 O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos autonómicos e municipais establecidos para este ámbito.*

*8 O uso que se pretende, segundo se indica na memoria, é o seguinte:*

**ESTADO ACTUAL**

*El local se encuentra perfectamente acondicionado para el desarrollo de la actividad que se pretende realizar (se despacharán tipos de prendas textiles como jerséis, pantalones, faldas, chaquetas, camisetas, ropa interior variada y complementos variados; al por menor) por lo que en la presente documentación se describen únicamente las características necesarias para justificar el artículo 7 del Decreto 133/2008, de 12 de junio, por el que se regula la evaluación de incidencia ambiental.*

*No se realiza ningún tipo de reforma. Se aprovecha totalmente la distribución y las instalaciones existentes.*


*Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como comercial: "ART. 118.- DEFINICION*

*1.- Se define como Uso Comercial el correspondiente a edificios de servicio directo al público destinados a la compra-venta o permuta de mercancías de todas clases, incluído el almacenamiento de las mismas. (...). Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 18 do mesmo.*

*8.1 Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no Anexo III, actividades excluídas do procedemento de avaliación ambiental, punto 3.3 "Comercio polo miúdo de téxtiles, pezas de vestir, calzado e artigos de coiro".*

*9 O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se xustifica na memoria do proxecto.*

*10 O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria do proxecto.*



*11 De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento dos traballos declarados polo solicitante.*

*12 Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, puntos, a xuízo deste arquitecto, non se aprecian, salvo erro ou omisión involuntarias, que a actividade esté suxeita a informes de outros Organismos para este uso nesta ubicación.*

**Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade.**

*De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade: acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."*

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 15 de novembro de 2012, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, Felipe Castaño Cacheda, que literalmente dí:


**"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS**

**Actividade:** *"Apertura de local para dedicalo á venda de roupa polo miúdo na Rúa Santa Olaia, nº 7, baixo-dereita, Silleda".*

**Certificación:** *Según ESCRITO SOLICITANDO: "LICENCIA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE", de data 03-decembro-2011, e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:*

*Data: 06-febreiro-2012*

*Núm. de rexistro: 550.*



**Titular da actividade:** FLORENTINO COLECCIÓN S.L., e/r Don Florentino Cacheda Lopez.

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 13:00 horas do día 05 de novembro do ano 2012, o Arquitecto Técnico Municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, atopándose na Rúa Santa Olaia, nº 7, baixo-dereita, Silleda, en presenza de Don Felipe Castaño Cacheda, con D.N. I. 76.795.048-A, e efectúa a visita de comprobación demandada polo interesado en data 06-febreiro-2012, e referida á licencia municipal nº 3254/11 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 30-decembro-2011.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando ESCRITO SOLICITANDO: "LICENCIA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE", constando "CERTIFICADO de condiciones de SOLIDED y SEGURIDAD" do local, suscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial Don Angel Iván Fernández Aguila, e visado, polo colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Delegación de Vigo.

A continuación examinase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Apertura de local para dedicalo á venda de roupa polo miúdo na Rúa Santa Olaia, nº 7, baixo-dereita, Silleda".


A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2011 acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a FLORENTINO COLECCIÓN, S.L., para a actividade de Apertura de local para dedicalo á venda de roupa polo miúdo na Rúa Santa Olaia, nº 7, baixo-dereita, Silleda.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

#### **1.- PROPOSTA VERBAL DO CONCELLEIRO DE OBRA MANUEL CUIÑA FERNANDEZ.**

Polo Concelleiro de Obras. Manuel Cuiña Fernández, realízase a seguinte





proposta verbal a Xunta de Goberno Local:

“- Que se proceda o inicio do expediente de contratación de suministro de gasóleo de calefacción para os edificios municipais.

- Que, por parte de Intervención procédase a redactar as bases de contratación de este suministro”.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

1º.- Que se proceda o inicio do expediente de contratación de suministro de gasóleo de calefacción para os edificios municipais.

2º.- Que, por parte de Intervención procédase a redactar as bases de contratación de este suministro.

**2.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE SILLEDA, ANO 2012.**

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda aprobada na sesión plenaria de 27 de xaneiro de 2.005.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de xullo de 2012 acordouse aprobar a convocatoria e as Bases para o outorgamento de subvencións para actividades culturais, aprobando a estes efectos, as bases específicas reguladoras da convocatoria para o outorgamento de subvencións para actividades culturais.


Vista a convocatoria da subvención publicada no Boletín Oficial de la Provincia nº 150 do día 06 de agosto de 2.012.

Visto que con data 28 de setembro de 2012 a Comisión de Valoración de Solicitudes de Subvención para a Promoción de Actividades Culturais do Concello de Silleda- 2012, composta por D. Matías Rodríguez da Torre, Concelleiro de Cultura, Educación, Turismo e Participación Cidadá e Dona Mª Soledad Rey Asorey do Departamento de Cultura e actuando como Secretario D. Xosé Ramón Vázquez Barcala, emítese proposta de outorgamento de subvencións para actividades culturais.

Visto o informe de Intervención de data 15 de novembro de 2012, emitido pola interventora municipal Isabel Pernas Sánchez.

Xunta de Goberno Local de 22 de Novembro de 2012

Páxina 17 de 21




De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

1º.- Desestimar a solicitude presentada pola Asociación Inter-Cultural “Santa Ferreña” porque xa recibiu á subvención, fóronlle adiantazos 1.500 €, no Expediente de Subvención xa presenta as facturas xustificativas dos referidos euros. E tendo en conta as circunstancias económicas actuais non hai posibilidade de conceder outra achega.

2º.- Conceder subvención ás seguintes asociacións:


| Nome da Asociación                                 | Importe | Conclusión xustificativa                                                                                                                              |
|----------------------------------------------------|---------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Asociación de Veciños de Parada                    | 200 €   | Valorase a recuperación da música tradicional nunha parroquia nunha parroquia na que tivo gran importancia no pasado.                                 |
| Asociación Mulleres Rurais Sta Isabel de Escuadro  | 200 €   | Valorase que a actividade proposta sexa durante 1 semana completa aínda non sorprendendo pola súa orixinalidade.                                      |
| Coro “Vales Mahía” da Bandeira                     | 750 €   | Valorase a formación vocal e auditiva como criterio básico para a concesión desta axuda.                                                              |
| Asociación Cultural Xerais do Entroido da Bandeira | 250 €   | Valorase a conservación e recuperación dunha tradición centenaria que segue viva na Bandeira, por este motivo se lle concede o 50% do solicitado      |
| Asociación de Veciños “A Costa” de Abades          | 200 €   | Valorase para a concesión que é unha única actividade puntual a presentada                                                                            |
| Asociación Cultural “Vista Alegre” da Bandeira     | 1.900 € | Valóranse as numerosas actividades que se realizan no Centro Cultural Vista Alegres así como o ser esta Asociación a coordinadora do antedito Centro. |
| Asociación Veciñal e Cultural de Ansemil-Martixe   | 400 €   | Valórase que o curso que propoñen ten moito interese por ser totalmente orixinal nunha parroquia silledense.                                          |



| Nome da Asociación                                                | Importe  | Conclusión xustificativa                                                                                                                                                       |
|-------------------------------------------------------------------|----------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Asociación Cultural e Musical "Gaiteiros da Pereiriña" de Martixe | 150 €    | Valórase o carácter permanente da súa actividade musical así como a promoción da cultura galega                                                                                |
| Asociación Cultural Banda de Música de Silleda                    | 10.800 € | Considérase fundamental na formación musical na Vila de Silleda e en gran parte do Concello, así como os diferentes e variados concertos que ofrecen durante o ano para o pobo |
| Asociación Veciñal "A Trabe" de Ponte                             | 400 €    | Valórase especialmente a proposta desta actividade, de conxuntar nun mesmo concerto ás dúas Bandas Xuvenís do Concello                                                         |
| Asociación Musical Recreativa e Cultural da Bandeira              | 9.800 €  | Valórase pola formación musical que desenvolve tanto na Bandeira como na súa bisbarra así como os 30 anos que cumpre neste 2012                                                |
| Asociación ANPA "Brincadeira" do CEIP da Bandeira                 | 225 €    | Valórase especialmente que é a única asociación de nais e pais que realiza actividades extraescolares relacionadas co mundo educativo.                                         |
| Asociación Amigos de Silleda                                      | 200 €    | Valórase a recuperación da historia viva da vila de Silleda cun proxecto a medio prazo.                                                                                        |
| Asociación Avanza Trasdeza                                        | 250 €    | Valórase que son actividades que se veñen celebrando dende hai tempo polo que se deduce que terán continuidade e futuro                                                        |
| Asociación de Veciños "Santiago Apóstolo" de Taboada              | 200 €    | Valórase a celebración de actividades dirixidas á parroquia que sempre son válidas para a interrelación veciñal.                                                               |
| Coral Polifónica "Trasdeza" de Silleda                            | 2.700 €  | Valórase a formación vocal e auditiva e a súa longa traxectoria de éxitos e calidade                                                                                           |
| Asociación de Veciños "San Miguel" de Oleiros                     | 200 €    | Valórase a calidade e interese dos proxectos presentados.                                                                                                                      |

Xunta de Goberno Local de 22 de Novembro de 2012

Páxina 19 de 21



| Nome da Asociación                                              | Importe | Conclusión xustificativa                                                                                              |
|-----------------------------------------------------------------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Asociación de Mulleres Rurais de Dornelas                       | 125 €   | Concedéselles a cantidade solicitada pola súa pequena contía                                                          |
| Asociación Cultural “Xirandola” da Bandeira                     | 3.800 € | Valórase a formación no baile tradicional galego así como a súa longa traxectoria especialmente no seu 25 aniversario |
| Asociación Veciñal “Avema” de Manduas                           | 200 €   | Considérase un orzamento esaxerado, aínda que se valora que se poidan realizar as actividades proxectadas.            |
| Asociación de Baile Xuvenil “Fortín da Pomba” da Bandeira       | 3.600 € | Valórase a formación no baile tradicional galego e a súa longa e exitosa traxectoria                                  |
| Asociación “Coto do Castelo” de Graba                           | 200 €   | Valórase a capacidade de proxectar actividades novidosas e para a xente nova                                          |
| Asociación Socio-Cultural “Adellis”                             | 350 €   | Valóranse as actividades alternativas programadas                                                                     |
| Asociación de Veciños Vilar de Trasdeza                         | 200 €   | Valórase o intento de dinamización cultural na parroquia por primeiro vez a nivel asociativo.                         |
| Asociación Feiral Semana Verde de Galicia                       | 200 €   | Valórase a edición do Boletín e a promoción do rural de Trasdeza, aínda sendo a única actividade presentada.          |
| Asociación de Veciños “Olaia” de Silleda                        | 700 €   | Valórase a interrelación veciñal e a multiculturalidade                                                               |
| Asociación de Mulleres do Municipio de Silleda                  | 200 €   | Non presentan actividades diferenciadas pola súa orixinalidade                                                        |
| Asociación de Mulleres Rurais “Fervenza do Castelo” de Escuadro | 200 €   | Valórase que a actividade vese positiva, e tense en conta que é con xente nova                                        |
| Asociación Cultural “O Son da Fervenza” de Escuadro             | 400 €   | Valórase a formación vocal e musical nunha parroquia para a conformación dun grupo folclórico.                        |

3º.- Expoñer no Taboleiro de anuncios do concello a valoración realizada pola Comisión de Valoración de Solicitudes de Subvención para a Promoción de

Actividades Culturais do Concello de Silleda - 2012.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as quince horas, extendéndose a presente acta, do que como secretario acctal (Decreto 22.11.12), dou fe e certifico.

Silleda, 22 de novembro de 2012.

Vº e Prace  
ALCALDESA,  
Asdo. Paula Fernández Pena



Dou fe. O secretario acctal.  
(Decreto 22.11.12)  
Asdo. David García Lareo



